



ASUNTO: INFORME DA DIRECCIÓN XERAL DE EMERXENCIAS E INTERIOR SOBRE O ESTUDO DE IMPACTO AMBIENTAL DO PARQUE EÓLICO PENAS BOAS NOS CONCELLOS DE ARANGA E OZA - CESURAS (A CORUÑA)

Clave: Parque Eólico Penas Boas (IN 408A 2018/35)

Con data do 14 de abril de 2021, o Servizo de Enerxía e Minas de A Coruña remite escrito á Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, en cumprimento do establecido nos apartados 2 e 3 do artigo 37 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, solicitando a emisión de informe por parte desta DXEI, relativo ao estudo de impacto ambiental do Parque Eólico Penas Boas, expediente IN 408A 2018/35, en relación coa avaliación dos efectos derivados da vulnerabilidade do proxecto ante riscos de accidentes graves ou catástrofes que incidan no proxecto, o risco de que ditos accidentes ou catástrofes se produzan e os probables efectos adversos significativos sobre o medio ambiente no caso de que ocorran.

Revisada a documentación se estima que o risco de accidentes graves ou catástrofes é baixo, todo elo sen prexuízo de que, si poidera estar afectado este proxecto polo Decreto 171/2010, sobre plans de autoprotección na Comunidade Autónoma de Galicia, o titular deberá elaborar e implantar o correspondente plan, elaborado por técnico competente, e que deberá acompañar aos restantes documentos necesarios para o outorgamento da licenza, permiso ou autorización, previamente á autorización de inicio da actividade por parte da autoridade competente.

O Decreto 171/2010, do 1 de outubro, sobre plans de autoprotección na Comunidade Autónoma de Galicia, recolle no seu anexo I aquelas actividades susceptibles de xerar situacións de grave risco colectivo, catástrofe ou calamidade e os centros ou instalacións que poden resultar afectados de maneira especialmente grave por situacións dese carácter, polo tanto, se é o caso, o titular deberá implantar, manter e revisar o seu propio plan de autoprotección, que é o documento que prevé as emerxencias que se poden producir a consecuencia da súa propia actividade e as medidas de resposta ante situacións de risco, de catástrofes e de calamidades públicas que podan afectar ao proxecto.

Santiago de Compostela, [na data de sinatura electrónica](#)

Nuria Padín Quintanal
Xefa do servizo de Prevención e
Análise de Riscos
[Asinado electrónicamente](#)

Vº Bº
Jose Antonio Grandas Arias
Subdirector Xeral de Planificación
e Protección Civil
[Asinado electrónicamente](#)

Juan José Iglesias Suárez

Servizo de Enerxía e Minas
Xefatura Territorial de A Coruña
Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación
Edificio Administrativo Monelos
Rúa Vicente Ferrer, 2
15071 A Coruña

